



esquerda unida

ARGUMENTARIO PARA O TRABALLO DE RECOLLIDA DE FIRMAS NA CAMPAÑA POLO REFERENDO NA PRÓRROGA A AQUALIA

IDEA FORZA:

EU pretende recoller o 8% de sinaturas do censo electoral de Vigo tal e como solicita o ARTIGO 35 do Regulamento de Participación cidadá de Vigo e a Lei Orgánica 2/1980 sobre referendos e as súas modalidades.

Artigo 35 do REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

Correspóndelle ao Concello realizar os trámites pertinentes para celebrar a consulta cidadá sobre materias da súa competencia.

Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva, asinada por un mínimo de veciños non inferior ao 8% do censo electoral municipal, logo da resolución dos acordos interesados. Todo o que non prevé este artigo regularase conforme o disposto na lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, regulamentadora das diferentes modalidades de referendo.

INTENCIÓN DA CAMPAÑA:

O Concello de Vigo, contra o criterio do propio interventor municipal que fixo un informe negativo, decidiu en comisión de goberno ampliar a concesión da auga e o seneamento á AQUALIA, concesionaria dende 1994 do servizo trala privatización de entón da empresa municipal EMAVISA.

Queremos que se someta a referendo esta concesión xa que defendemos que era o momento idóneo para artellar unha volta ao sistema público (en forma de empresa municipal de augas) que abaratase o servizo e promovera a eficiencia e o aforro de recursos.

**NOS DEFENDEMOS ESTO PERO NESTA FASE
PEDIMOS ALOMENOS QUE A CIDADANÍA DE VIGO
POIDA DECIDIR**

PUNTOS A EXPLICAR Á CIDADANÍA:

1. Dende fai anos ESQUERDA UNIDA ven denunciado o encarecemento e o interese económico da xestión pública da auga, que é un recurso natural e un ben universal polo que o acceso a ela ten que ser garantido como un dereito humano
2. A finalización da concesión de AQUALIA era un momento idóneo para plantexar a volta a unha EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS e evitar xestión privada de calquera das fases do ciclo integral da auga e polo tanto o artellamento dunha política de taxas e canons claramente progresiva.
3. no estado español estímase un consumo medio diario por persoa de 157 litros por persoa e, con todo, o consumo medio por persoa que se considera eficiente é de 100 a 120 litros por persoa.
4. **Dende que se privatizou a auga en Decembro de 1990, o recibo da auga en Vigo aumentou nun 73%, máis do dobre ca inflación.**
5. Tomando base 100 o precio do recibo bimensual con un consumo de 30 m3 para xaneiro de 1999, o precio dese recibo era 147 en xaneiro de 1995 e 173 en xaneiro de 1999. **Dende o punto de vista dunha xestión ambiental que pretenda o incentiva-lo aforro dese recurso básico é absurdo que se pague sobre un consumo mínimo de 30 m3/recibo bimensual aínda que o consumo sea menor.**
6. Dende un punto de vista social, dado que se trata dun recurso vital, sería lóxico que houbera un consumo mínimo gratuíto, e partir de aí unha forte progresividade da tarifa de xeito que se incentivase o aforro de auga, e pagase máis en termos absolutos e relativos, quen máis consume.
7. EU suliña que moitas persoas descoñecen que o servizo de auga e saneamento en Vigo foi xestionado por unha empresa pública ate que de xeito interesado foi privatizada polo goberno municipal. Estamos ante un feito non aillado senón que foi un proceso que se viviu de xeito análogo en moitos países europeos, os mesmos, como Italia ou Francia, que agora cuestionan estas privatizacións e comencan o proceso de remunicipalización da auga. Incluso Italia celebrou un referendo para vincular definitivamente a auga ao sector público e impedir á privatización da mesma.
8. EU pretende que sexa dende a participación cidadá e o referendo público dende onde parta a defensa dunha remunicipalización do servizo de augas e saneamento de Vigo, polo tanto recollerá sinaturas de acordo co artigo